

MEMORIA DO PROXECTO DOCUMENTADO INTEGRADO

“VIVIR TOCANDO O MAR”

CURSO 2015-2016

CEIP VALLE-INCLÁN O GROVE

a. Introdución.

Vivir tocando o mar é un proxecto documental integrado deseñado para o curso académico 2015-2016. Con el pretendemos dar continuidade no noso centro á aprendizaxe a través dunha metodoloxía activa, para que o alumnado sexa protagonista, investigue, busque, elabore; cun enfoque educativo constructivista -*Coll e outros, 2000*-; e que o faga cooperativamente, sentíndose importante no grupo e útil na tarefa -*Ovejero, 1999*-, de maneira que aínda que o título e a temática do proxecto cambie, a educación en valores será abordada a través de actividades e tarefas como as desenvolvidas neste curso.

O proxecto contribúe ao desenvolvemento das sete competencias clave e a súa planificación está enmarcada dentro dos contidos curriculares, criterios e estándares de avaliación concretados no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Hoxe en día é máis doado saber o que está a acontecer no outro lado do mundo ca na nosa propia vila. A TV, as redes sociais, internet... poñen ao alcance da man moitísima información. Pola contra, o tradicional, o enxebre, o noso, cada vez se perde máis. Xa non hai esa transmisión de coñecementos de pais a fillos, de avós a netos, polo menos, non coma antes. É por iso polo que, dende o CEIP Valle Inclán, desexamos darlle o valor que merece á nosa contorna: O Grove, unha vila que vive tocando o mar, que vive do mar, dos seus produtos, do seu turismo, da súa historia. A nosa vila posúe unha singularidade excepcional: zonas protexidas, número e calidade de praias, marisco... Todo iso é noso, e témolo ahí... pero tamén o temos que coidar, que coñecer, que divulgar...

Este é un proxecto que non tería cabida en calquera centro. É un proxecto único, porque a nosa vila é única. E iso, no CEIP Valle Inclán, sabémolo.

Desta idea xurdiu a decisión do Claustro de comezar a nosa aventura nun cambio importante na metodoloxía de ensino aprendizaxe e pór en marcha este proxecto. Unha vez debatidas e aprobadas as propostas no Claustro pasamos á súa aprobación no Consello Escolar facendo a súa presentación en *Power Point*.

A decisión de levar a cabo este proxecto foi tomada polo Claustro de mestres no mes de Setembro, sendo apoiada polos seus vintecinco membros. O papel que está a desempeñar este colectivo é crucial para a continuidade do mesmo. O 100% do profesorado está involucrado na posta en marcha das actividades, xa sexan de todo o centro, ou a nivel de titorías.

O noso proxecto xira ao redor da "Festa do Marisco" do Grove, acontecemento que ten lugar na primeira quincena de Outubro, modificando toda a vida da vila.

Traballamos tres grandes bloques temáticos, un en cada trimestre do curso:

1º trimestre: Coñecer o Grove.

2º trimestre: O produto: o marisco.

3º trimestre: Divulgación.

Para cada bloque temático planificouse unha tarefa e unha serie de actividades segundo o nivel educativo que se describen con máis detalle no apartado c.

O alumnado de Ed. Infantil e Primaria (260 nenos e nenas) é o principal protagonista de toda esta aventura. Todas as actividades deseñadas están pensadas por e para que nenos e nenas creen, investiguen, aprendan, se responsabilicen asumindo tarefas, compartan, se axuden e tomen conciencia de que non son os únicos seres do planeta, e á vez gocen descubrindo o mundo que os rodea, sentíndose parte del. Están involucrados ao 100%, participando en todas as actividades propostas superando en moitas ocasións as expectativas creadas.

a. Obxecto ou temática de investigación propostos.

A temática de investigación proposta é o mar, elemento relacionado con todos e cada un de nós, non só porque moitas das nosas familias dependen directamente del, senón que ademais baña literalmente as portas do noso patio. Ademais pretendemos fomentar unha concienciación ambiental e de sustentabilidade do medio de vida, en toda a comunidade educativa.

b. Breve descripción do proceso de deseño e elaboración das propostas.

Cada un dos 25 membros do Claustro pertence a un ou outro equipo de traballo (Biblioteca, Dinamización Lingua Galega, Actividades Extraescolares e Complementarias e TICS), lugar onde se concretan e organizan as diferentes actuacións. Os coordinadores de cada un deses grupos de traballo, xunto co director do centro, seguindo a planificación do proxecto e as posibles demandas que van xurdindo, establecen as liñas de actuación das actividades, ás cales dásele forma neses grupos de traballo.

O resultado do deseño foi o seguinte:

1º trimestre. Bloque temático: "Coñecer O Grove" a través de actividades para coñecer a localidade dende unha perspectiva cultural, histórica, de situación xeográfica e turística.

Tarefa: Concurso fotográfico.

Actividades:

Infantil: Esculturas en O Grove.

1º ciclo: Transportes (localizar e visitar estación de autobús, porto, lectura de tickets, horarios, atopar esta información en TICS...) Edificios destacables (localizar e visitar o Concello, Lonxa, Confraría de pescadores...)

2º ciclo: Realización de guías informativas das praias da península do Grove (ubicación, servizos...)

3º ciclo: Diseñar ofertas para os turistas con prezos de aloxamento, de viaxe, de ocio...

2º trimestre. Bloque temático: O produto (o marisco).

Tarefa: Creación dun acuario no cole coa colaboración do Concello e coidado do mesmo.

Actividades:

Infantil: Receitas sinxelas co marisco.

1º ciclo: Profesións (Mariscadoras, persoal da conserveira, peixadeiras, patróns...Reino animal. (Alimentación, reprodución, características e hábitat)

2º ciclo: Investigación do proceso dende que o produto sae do mar ata que se consome enlatado.

3º ciclo: Investigar sobre o hábitat (temperatura, características, alimentación, bacterias...) para a creación do acuario.

3º trimestre. Bloque temático: Divulgación do proxecto e da Festa do Marisco.

Aprender a contar aos diferentes medios de comunicación o que estamos facendo, publicitar o noso, de xeito oral, por escrito, a través da imaxe e do uso de Tics.

Tarefa: Cartel para a Festa do Marisco 2017.

Actividades:

Infantil: Participación na elaboración do cartel para o concurso da Festa do Marisco 2017

1º ciclo: Redactar noticias (contar as súas experiencias), elaboración de panfletos, participación na rolda de prensa e na elaboración do cartel para a Festa.

2º ciclo: Responder a entrevistas de prensa e participación e na elaboración do cartel.

3º ciclo: Organización e participación na rolda de prensa e na elaboración do cartel da Festa.

Ademais, as conmemoracións de obrigado cumprimento que aparecen no calendario escolar (Día da non violencia de xénero, dereitos humanos, paz, muller, consumidor, saúde, medio ambiente...) como outras festividades (Samaín, Magosto, Entroido...) foron datas importantes no noso proxecto para levar a cabo actividades conxuntas, é dicir, todo o alumnado de Infantil e Primaria.

c. **Documentación elaborada para profesorado e alumnado.**

O equipo de Biblioteca e os seus axudantes (alumnado voluntario de 6º Educación Primaria) seleccionaron os fondos bibliográficos existentes na biblioteca do centro para pór a disposición do profesorado e do alumnado en expositores temáticos e por etapas educativas. (Expositor para Primaria e expositor para Infantil). Do mesmo xeito, os outros equipos de traballo do centro (Dinamización da Lingua Galega, TICS e Actividades Extraescolares e Complementarias) xunto co da Biblioteca, fixeron a súa aportación seleccionando recursos atopados na internet, difundindo a información a través da páxina web:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipvalleinclangrove/>,

os blogs do centro: (<http://valleinclanbiblioteca.blogspot.com.es/>,

<http://vivirtocandoomar.blogspot.com.es/>,

<http://www.edlgvalleinclan.blogspot.com.es/>) ,

no taboleiro do PDI da biblioteca en Pinterest:

(<https://es.pinterest.com/valleincln/pdi-vivir-tocando-o-mar/>)

e boletíns informativos enviados por correo electrónico ao profesorado.

Outros organismos como a Biblioteca Municipal do Grove e o Concello colaboraron tamén aportando algúns libros á nosa biblioteca.

d. **Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.**

Debido ao espazo tan limitado de páxinas para este documento, facemos neste apartado un resumo das tarefas; sen embargo no blog

<http://vivirtocandoomar.blogspot.com.es/>

pódense consultar éstas e moitas outras feitas a nivel de titorías.

1º trimestre: BLOQUE COÑECER O GROVE. Tarefa: Concurso fotográfico.

1. Visitas do alumnado de Ed. Primaria a diferentes lugares do Grove: Casa das Cunchas, Concello, Confraría de pescadores, Praza de Abastos, Carpas da Festa do Marisco, porto, estación de autobuses, simposio de esculturas, viaxe no turitrén.

2. Concurso-exposición de fotos “Unha festa, trescentas fotos”. Cada alumno/a retrata a súa visión particular sobre a Festa do Marisco e realizamos unha exposición aberta ao público nunha das carpas da Festa. Unha vez recollida a carpa, trasladamos a exposición aos corredores do noso centro.

3. Actividades polo Samain: Exposición de cabazas mariñeiras e relatos curtos sobre naufraxios acontecidos preto da nosa costa. Cos relatos fixemos un libro que está rexistrado na biblioteca e tamén un libro

dixital. (<https://es.calameo.com/read/0047179486c9a35aab6d4>)

4. “Elas que son terra firme”. Proxecto sobre as Illas Atlánticas polo 25N. Mensaxes escritos por todo o alumnado sobre o coidado e conservación das Illas Atlánticas.

5. Obradoiro de artesanía: A colareira do Grove, Montse Betanzos explicou a súa profesión e todos os nenos fixeron as súas propias pulseiras con cunchas.

6. Obradoiro de ilustración. Debuxamos as nosas mascotas do proxecto co caricaturista do Grove, Gogue. Despois houbo propostas para poñerlles nomes e foron finalmente elexidos por votación a través do blog.

7. Carreira solidaria “Save the Children”. Cada curso escolle un animal mariño para representar o nome do seu equipo na carreira solidaria polo día dos Dereitos Humanos.

8. Gran mural mapa de praias do Grove.

9. Mapas mentais coas ofertas hoteleras e actividades de ocio.

2º trimestre. Bloque temático: O produto (o marisco).

1. Super chefs. O alumnado cociña polo Nadal coa familia e se lle pide que faiga un empratado do marisco con creatividade. Á volta das vacacións presentan as fotos dos empratados ao resto da comunidade educativa a través do blog.

2. Familia Abrelatas. O alumnado presenta vídeos facendo bocatas con produtos do mar a través do blog.
3. "Marea humana". Enchemos o acuario coa auga do mar facendo una fila dende o mar ata o acuario dentro do cole e pasando as garrafas duns a outros.
4. Vídeo das emociónes: Recitamos poemas na beira do mar.
5. Bailar tocando o mar. Bailamos todos xuntos no patio polo día da Paz.
6. Entroido. Desfile de disfraces no patio coa temática do mar.
7. Actuacións musicais coa temática do mar.
8. Presentación do libro "A cor violeta dos Pulpos" na Casa das Cunchas do Concello, elaborado por mestres e ilustrado polo alumnado, conta unha historia sobre a violencia de xénero.
9. Mariscadora en 21 segundos: os peques contan nun video de 21" que é para eles unha mariscadora (Día da muller)

3º trimestre. Bloque temático: Divulgación do proxecto e da Festa do Marisco.

1. Rolda de prensa. Entrevistados polos medios de comunicación da zona. (A voz, Faro de Vigo, Revista Aunios)
2. Elaboración Mural Portada do Xornal: O Eco do mar. (Redacción de noticias sobre o proxecto)
3. Presentación do libro "Un mar de refráns" (Día do libro)
4. Adaptación con pictos do conto "O neno do mar", traballo con ANEAE
5. Visita de Infantil e Primaria a "Praza de Abastos".
6. Hábitos de alimentación saudable "Os Arroases". Lectura compartida das aventuras dos Arroases e participación nos xogos a través do blog.
7. Actividade do Plan Proxecta Aliméntate ben en Ed. Infantil: Ponlle as pilas ao teu bocata. Elaboración de bocatas con produtos do mar no colexio.
8. Xogo de investigación dos países de Europa. Decodificando información co código do alfabeto náutico. (Día de Europa)
7. Caligramas con poesía de Manuel María. (Letras Galegas)
8. Divulgación do proxecto a través da páxina web e blogs do cole, redes sociais, xornal, vídeos...
9. Elaboración do cartel para o concurso de carteis para a Festa do Marisco 2017.

10. Concurso de portadas e traballos para a revista literaria coa temática do proxecto.
11. Somos azuis. Actividade polo día do Medio Ambiente no patio.
12. Concerto musical “Vivir tocando o mar” baixo a dirección da mestre de música e a participación de todo o cole.
- 13 Bailes para o festival de fin de curso.

e. Recursos e fontes consultadas para a investigación.

1. Recursos humanos:

- Alumnado: protagonistas do proxecto.
- Mestres: guías e axentes motivadores.
- Familias; colaboradores imprescindibles na maioría das actividades.
- Profesionais do sector: mariscadoras, colareira, vendedoras...
- Conxerxe: tarefas de mantemento do acuario.
- Xornalistas da Voz, Faro e Aunius...
- Conselleira: facilitadores de instalacións, financiación de transporte e publicación do libro, pecera...

2. Recursos materiais:

- Fondos bibliográficos da biblioteca do centro e das aulas. Pódense ver no taboleiro de Pinterest <https://es.pinterest.com/valleincln/pdi-vivir-tocando-o-mar/>
- Libros, fotos, peluches, cd's do alumnado e do profesorado nas bibliotecas de aula.
- Acuario cedido polo Concello.
- Instalacións para exposición ao público (Carpa da Festa)

3. Recursos en internet.

Selección de fontes de información segundo o bloque temático e as actividades propostas. Cada trimestre publicábase nos blogues da biblioteca e do proxecto os enlaces máis interesantes para os diferentes niveis.

<http://valleinclanbiblioteca.blogspot.com.es/p/pdi.html>

As principais fontes consultadas foron:

http://www.turismogrove.es/es/O_Grove/

<http://www.ogrovedixital.com/index.html>

<http://www.todogrove.es/>

<http://www.concellodogrove.es/>

<http://www.cofradiaogrove.es/#/cofradia/>

<http://www.pescadosymariscosdeogrove.com/>

<http://www.montsebetanzos.com/>

<http://www.jmarior.net/mariscadoras-%C2%B7-o-grove/>

<http://www.isabel.net/>

http://www.galiciaparaelmundo.com/blog/?page_id=51&recurso_id=3566

<http://acuariodogrove.es/>

<http://biomundoacuario.blogspot.com.es/2008/01/fundamentos-para-el-inicio-del-acuario.html>

<http://www.clubamigosdelasconservasdepescado.com/index.php/conservas/proceso/>

<http://es.wikihow.com/redactar-una-noticia>

f. Implicación da comunidade educativa.

A implicación da comunidade educativa foi decisiva e imprescindible para levar a término o proxecto, dende o propio **alumnado** que se participou en todas as actividades propostas tanto dentro como fóra do centro; pasando polo **Claustro de mestres** ao completo que empregou unha metodoloxía baseada en Traballo por proxectos coa intención de darlle ao alumnado o protagonismo da súa aprendizaxe; as **familias** colaborando na realización de actividades no centro e dende as súas casas (aportación de recursos materiais como libros, cunchas, botellas para o encher o acuario, cabazas decoradas ao estilo mariñeiro, peluches para os pequenos, elaboración de disfraces para o entroido, realización de vídeos dos nenos na actividade Familia Abrelatas, levalos á festa para o Concurso de Fotografía, facendo de patrocinadores na Carreira Solidaria, aportando os seus coñecementos sobre as profesións do mar: charlas na biblioteca con mamás e avoas mariscadoras e colareiras; persoal do **Concello**, o noso conserxe que entre outras tarefas ocupábase do mantemento do acuario, a conselleira de Educación que colaborou para levar a cabo actividades na Carpa da Festa do Marisco, financiación xunto coa Deputación de Pontevedra da publicación dun libro do

alumnado, financiación de transporte do Turitren, préstamo da pecera para montar o noso acuario, colaboración co persoal do Acuario do Grove...

Outros organismos do Concello como o persoal da Biblioteca Municipal que colaborou aportando fondos bibliográficos.

g. **Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.**

Fíxose a difusión dos traballos realizados polo alumnado a través de diferentes medios.

-Na web oficial do colexio pódese atopar o enlace ao blog do proxecto:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipvalleinclangrove/>

-Nos blogs dos equipos:

<http://vivotocandoomar.blogspot.com.es/>,

<http://valleinclanbiblioteca.blogspot.com.es/>,

<http://www.edlgvalleinclan.blogspot.com.es/> ,

-Na rede social Pinterest:

(<https://es.pinterest.com/valleincln/pdi-vivir-tocando-o-mar/>

-Publicación de vídeos en Youtube

-Prensa da Provincia de Pontevedra (A Voz, Faro de Vigo)

-Boletíns mensuais do Equipo de Dinamización Lingua Galega.

-Comunicacións coas familias a través da aplicación móbil TokApp School e circulares impresas.

h. **Avaliación. Procedementos empregados.**

Por mor da participación nas actividades propostas empeza a percibirse no noso alumnado a presenza de conceptos como *solidariedade*, *tolerancia* e *respecto*, palpable no vocabulario utilizado así como en moitos dos seus actos. Do mesmo xeito, puntualmente comeza a abrirse a variedade de merendas no cole, sendo os máis aventureiros os que desexan traer as súas creacións ao patio, así como conversas entre eles e cos mestres sobre aspectos traballados dentro do proxecto. Informalmente nos corredores do centro, os mestres compartimos experiencias e percepcións, das cales tomamos boa nota, pero dun xeito máis formal, os equipos

de traballo, as reunións de nivel e ciclo e as dos coordinadores dos equipos son o foro onde se poñen sobre a mesa os puntos fortes e os fracos para potenciar os primeiros e redireccionar os segundos.

Os criterios de avaliación e a contribución ás competencias clave descríbense a continuación xunto co grao de consecución acadado.

Criterios de avaliación:

- Consecución de obxectivos plantexados / alto
- Temporalización de actividades / adecuada
- Participación comunidade educativa/ alta
- Adecuación de espazos e recursos/ adecuado
- Adecuación de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo/ alto
- Visitas e comentarios blog/ alta.

Competencias Clave:

- **Competencia Aprender a aprender.** Esta competencia é quizais con diferenza a que máis se traballou neste proxecto, no que o propio alumnado foi o protagonista de todo o proceso desenvolvendo habilidades para o tratamento de textos, realización de esquemas, capacidade para facer resumos e seleccionar a información relevante, valorando todo o que estaban aprendendo e facendo.
- **Comunicación lingüística.** O dominio das destrezas comunicativas e de comprensión crítica deuse nas tarefas dos tres trimestres, pero de forma máis específica nas actividades do bloque temático “Divulgación do proxecto” destacando entre todas a rolda de prensa e a redacción das noticias para a portada do Xornal “O Eco do mar”.
- **Competencia dixital.** A busca de información na internet implicou unha maior competencia no uso e manexo dos ordenadores que nunca estiveron tan solicitados coma neste curso. Cabe destacar nesta competencia o concurso fotográfico levado a cabo no primeiro trimestre no que os nenos presentaron as súas fotografías nun pendrive ou tamén os vídeos que fixeron para

actividade Familia Abrelatas no segundo trimestre no que a participación foi un éxito e as visitas do alumnado ao blog aumentaron considerablemente.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.** As destrezas relacionadas co espírito de investigación e iniciativa científica e o uso dos números e as operacións lóxico-matemáticas foron traballadas principalmente en actividades relacionadas coa montaxe do acuario no propio cole; dende calcular a cantidade de auga da peceira que enchemos coa auga do mar ata unha investigación sobre os pequenos inquilinos da mesma para asegurarnos a súa supervivencia.
- **Competencia social e cívica.** As actividades conxuntas realizadas ó longo de todo o curso contribuíron á mellora das habilidades sociais do noso alumnado que soubo traballar en equipo superando as nosas expectativas.
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.** A iniciativa do alumnado para facer o proxecto foi decisivo para que chegara ao seu término. O seu espírito emprendedor viuse reflexado en moitas das actividades e sobre todo no resultado das tarefas finais. Eles foron en moitas ocasións os que puxeron a iniciativa e as ideas para comezar unha actividade nova ou engadir o seu selo persoal.
- **Conciencia e expresións culturais.** Esta competencia traballouse sobretudo no primeiro trimestre no que sen dúbida os nenos tomaron conciencia das manifestacións culturais e tradicionais da súa vila e da Festa do Marisco a través das saídas educativas e das actividades propostas para o bloque temático: Coñecer O Grove.

Procedementos empregados:

- Observación directa
- Rexistro anecdótico.
- Autoavaliación y coavaliación.
- Avaliación trimestral P.X.A.

i. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.

1. **Coordinamos** as actividades de apoio ao PDI xunto cos outros equipos de traballo do centro. Un martes ao mes, reuníamos todos os coordinadores (Biblioteca, Extraescolares e complementarias, TICS e Dinamización Lingua Galega) para concretar as actuacións conxuntas que se ía levar a cabo durante cada mes en relación ao PDI) Posteriormente informamos aos mestres nas reunións do profesorado, polo correo electrónico e a través do blog.

2. **Buscamos e seleccionamos documentación** que contribuíra a levar a cabo o PDI, a través de diferentes soportes: fondos rexistrados na biblioteca e nas aulas en expositores temáticos e por etapas educativas, enlaces e recursos en internet colgados no blog, fondos da Biblioteca Municipal, recursos do Concello do Grove...

3. **Orientamos** ao alumnado que acudía á biblioteca na busca de libros para os seus traballos de investigación ou no uso dos ordenadores.

4. **Actualizamos os fondos bibliográficos** mercando libros e outros recursos de apoio ao PDI. (libros informativos, contos relacionados co proxecto, documentais en dvd...)

5. **Acondicionamos espazos:** Retiramos un mostrador que había no medio da biblioteca conseguindo máis espazo para facer actividades dirixidas ao alumnado en gran grupo e mercamos alfombras novas.

6. **Organizamos encontros en colaboración cos mestres e outros profesionais da comunidade educativa:** mamás e avoas mariscadoras, a colareira Montse Betanzos ensínannos a súa profesión, sesións de ornitoloxía, uso adecuado das novas tecnoloxías, aprendizaxe da linguaxe de signos, debuxamos co caricaturista Gogue, exposicións dos traballos duns cursos a outros, presentacións de libros elaborados polo alumnado...)

7. **Documentamos, editamos e publicamos** traballos do alumnado. Os traballos finais que fixeron os alumnos foron encadernados e rexistrados na biblioteca do centro, publicados no blog en formato dixital ou no blog do PDI a través de vídeos e fotografías.